Sexto: Aprobar o proxecto denominado “Básico e de execución de pavimentación de beirarrúas na rúa Sil 1-4, da mazá M3 de A Barcala”, cun presuposto total de 48.000,00€ redactado por dona Carlota Robelo Pardo, arquitecta colegiada nº 1199.

Sétimo: Aprobar o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de cerramento perimetral do polideportivo Portofaro”, cun presuposto total de 108.900,00€, redactado por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal.

Oitavo: Aprobar o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de actuación para o cambio estético do polideportivo do Graxal”, cun importe total de 121.000,00€ redactado por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal.

Noveno: Aprobar o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo. Cambre”, cun orzamento total de 22.000,00€, redactado por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal.

Décimo: Notificar aos interesados.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de xullo de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Aprobación, se procede, de varios proxectos de accesibilidade e reordenacións viarias

Acceso á videoacta: Minuto 00:43:16

Vista a proposta de Alcaldía do día 11 de xullo de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Este Goberno ten interese en levar a cabo varios proxectos de mellora da accesibilidade e reordenación de viarios nos núcleos do Temple, Cambre e A Barcala coa finalidade de acadar unha mellora na calidade de vida da poboación, e especialmente das persoas con mobilidade reducida, nas parroquias de maior densidade de poboación do termo municipal de Cambre.

Para iso redactáronse os proxectos que se relacionan de seguido, sendo necesaria a súa aprobación para poder incoar o correspondente expediente de contratación tan pronto como sexa posible:

Denominación	Achega provincial	Achega municipal	Orzamento total (IVE engadido)
Reforma adecuación beirarrúas na rúa Antón Fraguas, O Temple	23.876,12 €	5.969,03 €	29.845,15 €
Reordenación entorno rúas Polígono e Francisco Añón	59.101,26 €	14.775,31 €	73.876,57 €
Mellora do parque infantil leste da Barcala	17.904,42 €	4.476,10 €	22.380,52 €

O proxecto “Reforma adecuación beirarrúas na rúa Antón Fraguas, O Temple” cun orzamento total de 29.845,15€ e redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, formula unha remodelación da beirarrúa en Antón Fraguas corrixindo o afundimento e as discontinuidades existentes, así como unha rede de pluviais que garanta a correcta evacuación das augas da choiva. Contempla así mesmo outra actuación na praza José Luís Caso Cortines, que conta cun espazo libre dividido en dúas zonas a diferentes alturas e conectadas mediante ramplas e escaleiras, centrándose a actuación na zona inferior e nos puntos de acceso desde unha zona á outra. Propónse actuar nos ditos puntos e mellorar a accesibilidade na zona, demolendo as escaleiras e rampla e construíndo unhas escaleiras retranqueadas da beirarrúa. Finalmente, o proxecto pretende, na travesía da Igrexa, a construción dunha beirarrúa na superficie liberada da construción que actualmente a invade, conseguindo así unha continuidade no itinerario peonil.

Por outra banda, o proxecto "Reordenación entorno rúas Polígono e Francisco Añón", cun orzamento total de 73.876,57€, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, formula actuar na zona que existe ao carón da nave, que está elevada con respecto á calzada actualmente sen uso, que se integrará na sección da rúa, permitindo aumentar a propia sección, mellorando a súa seguridade e accesibilidade.

Finalmente co proxecto denominado "Mellora do parque infantil leste da Barcala" redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento total de 22.380,52 €, formúlase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión, restaurándose tamén o areneiro formado por madeiros, dándolle un tratamento con verniz tipo lasur ou similar.

Por todo o exposto e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado "Reforma adecuación beirarrúas na rúa Antón Fraguas, O Temple", cun orzamento total de 29.845,15€ e redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado "Reordenación entorno rúas Polígono e Francisco Añón", cun orzamento total de 73.876,57€, redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë

Terceiro: Aprobar o proxecto denominado "Mellora do parque infantil leste da Barcala" redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento total de 22.380,52 €.

Cuarto: Notifíquese aos interesados."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de xullo de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:45:27

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:45:31

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:45:34

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos para a protección das vivendas e núcleos de poboación contra os incendios forestais. Votan a prol da urxencia os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Trala votación da urxencia, e antes da lectura da moción, cando son as vinte horas e cincuenta e sete minutos, auséntanse do salón de sesións os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

Única: Moción de C's para a protección das vivendas e núcleos de poboación contra os incendios forestais

Acceso á videoacta: Minuto 00:57:57

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5222 o día 16 de xullo de 2018.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O pasado outono a ola de incendios que afectou a Galicia, arrasou 50.000 hectáreas de monte, queimou vivendas e provocou a morte de 4 persoas. Esta é unha situación que non debe repetirse e para a que hai que adoptar medidas necesarias.

O Plan de prevención e defensa contra incendios de Galicia (PLADIGA 2018), aprobado polo Consello da Xunta o pasado 19 de abril, establece que dende o pasado 31 de maio todos os núcleos de poboación galegos deben ter ao seu redor unha zona de protección de 50 metros rozada e sen presencias de pinos, eucaliptos ou acacias nos 30 primeiros metros. Nas estradas, a ambos lados ten que existir tamén unha franxa de 10 metros sen pinos nin eucaliptos, unha distancia que se reduce a 4 metros en pistas forestais.

Os propietarios dos montes e os titulares dos dereitos de aproveitamento dun terreo forestal son os responsables de cumprir coa normativa vixente de prevención de incendios, entre outras, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Mais esta responsabilidade compete tamén ás administracións públicas, tal como se establece no capítulo VI da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (Lei de acompañamento aos orzamentos). Con carácter xeral, os concellos son as administracións encargadas de controlar o cumprimento das franxas de protección en torno aos núcleos de

poboación e edificacións illadas en tanto a Xunta é a responsable de vixiar as vías de comunicación. A Consellería de Medio Rural publicou o pasado 7 de maio no DOG a Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, nas que precisa as competencias ou procedemento sancionador e a execución subsidiaria dos traballos por parte das administracións públicas.

Os concellos son as administracións competentes para vixiar o cumprimento das franxas de protección contra o lume en solo rústico, urbanizable ou de núcleo rural. En torno ás vivendas ou núcleos de poboación, a normativa obriga a manter 50 metros libres de mato, 30 en arboredo, se ben pode haber dende os 7 metros froiteiros e dende os 15 frondosas caducifolias (castaños, carballos) cunha separación mínima de 7 metros entre cada pé.

En núcleos de poboación e edificacións illadas, no caso de que un propietario notificado sobre un incumprimento da normativa non corrixa o problema, serán os concellos as administracións competentes para executar forzosamente dos traballos, en tanto que corresponde á Xunta de Galicia o procedemento sancionador paralelo.

A Xunta de Galicia será competente para vixiar o comportamento das franxas de protección en torno ás vías de comunicación. Con carácter xeral, a lexislación establece que as estradas deben manter unha franxa lateral de 10 metros sen pinos nin eucaliptos, en tanto as frondosas caducifolias deben estar afastadas polo menos 4 metros. E tamén a Xunta é competente para sancionar e retirar plantacións ilegais en terras agrarias.

Nos seus 41 Km² Cambre conta con 12 parroquias nas que o concello é o responsable de vixiar o cumprimento da normativa en relación coas franxas de protección contra incendios forestais.

A estratexia a seguir de cara ao futuro, segundo as recomendacións da Dirección xeral de Producción e Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural, pasa polo deseño de plans municipais de defensa contra incendios forestais, nos que se deben delimitar estas franxas de protección en torno aos núcleos de poboación, as vivendas illadas e as vías de comunicación.

Terminado o prazo do 31 de maio fixado no PLADIGA 2018 para o cumprimento das franxas de protección contra incendios forestais e co obxecto de evitar ao máximo os incendios no noso municipio, Ciudadanos Cambre propón os seguintes **ACORDOS**:

Que o Goberno de Cambre:

Primeiro: Asuma as súas responsabilidades e competencias en relación ao cumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Segundo: Delimitar as franxas de protección legalmente establecidas en torno aos núcleos de poboación, as vivendas illadas e as vías de comunicación e vixiar o seu cumprimento efectivo.

Terceiro: Solicitar a colaboración técnica e económica da Xunta de Galicia para levar a cabo estas tarefas, tal e como establece a propia Lei 3/2007.

Cuarto: Aprobar un Plan municipal de defensa contra incendios forestais que contemple, con carácter prioritario, a protección de vivendas en núcleos de poboación.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación da redacción dos acordos a adoptar proposta polo voceiro de UxC, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstense o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a favor, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Solicitar a colaboración técnica e económica da Xunta para levar a cabo con garantías as tarefas de prevención, vixilancia e actuación, tal e como establece a Lei 3/2007.

Segundo: Solicitar da Xunta de Galicia a apertura do proceso de adaptación e mellora da Lei 3/2007, en colaboración con concellos e Fegamp con base nas seguintes cuestións:

- a) Dotar de axilidade aos procesos de intervención nas ordes de execución.
- b) Actuar máis sobre a prevención e a información, facendo fincapé na responsabilidade e obrigatoriedade do propietario de manter os terreos limpos nas condicións previstas na lei.
- c) Actuar sobre a ordenación e xestión do espazo forestal con políticas que perciban este como un espazo produtivo, ademais das súas condicións medioambientais

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e dezaioito minutos reincorpóranse á sesión os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos).

Ao mesmo tempo, auséntase do salón de sesións don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:18:55

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1370/2018, do 12 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 1 ao 23 de agosto de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1373/2018, do 12 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Queda reservada a esta Alcaldía a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído, mantendo a Xunta de Goberno Local a competencia para os contratos menores de contía superior segundo a Resolución de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local número 447/2016, do 18 de marzo.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal respecto da modificación das delegacións, publicar esta resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, tendo en conta que a modificación será efectiva dende o momento da posta en coñecemento á Xunta de Goberno Local.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1520/2018, do 26 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** A solicitude da interesada, modificar a resolución de avocación de competencias número 1429/2018, do 18 de xullo e, para tal efecto, avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto, desde o día 13 ao 17 de agosto de 2018, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:20:09

Rogos do PP presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 20 de xullo de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/1782 o día 23 de xullo de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:20:12

Lee o rogo dona M^a Jesús González Roel.

No pasado 5 de xullo, o Goberno local de Cambre informou da terminación das obras de mellora levadas a cabo en diversos camiños públicos, con cargo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, entre eles os incluídos en Lendoiro. A pesar de iso, veciños do lugar nos transmiten as súas queixas por entender que a dita obra non se atopa rematada, xa que parte dos seus desfeitos e materiais seguen amontoados xunto aos colectores de papel e vidro, tal e como evidencian as fotografías que se achegan ao presente rogo e que demostran a acumulación de desfeitos e materiais de obra.

Xunto a iso os veciños informan da falta de, polo menos, un contedor de inorgánicos (amarelo).

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do señor alcalde se adopten as medidas pertinentes para que á maior brevidade posible se rematen as ditas obras e se limpe de materiais e desfeitos os lugares indicados, interesando, así mesmo, a dotación dun colector de inorgánicos que igualmente demandan os veciños do lugar.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, dá conta das investigacións realizadas e manifesta que intentarán darlle unha solución. Respecto da petición dun contedor, daranlle traslado á concelleira de Servizos para que se solicite ao Consorcio.

2º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:22:59

Lee o rogo don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Foron múltiples as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se ten interesado polo estado no que se atopa o Camiño Inglés a Santiago ao seu paso polo noso municipio, como tamén teñen sido múltiples as ocasións nas que este grupo se interesou polo estado dos bens que forman parte do noso patrimonio histórico.

Entre elas, no pleno ordinario do mes de abril requirimos a adecuada limpeza e conservación da ponte romana situada no Camiño Inglés ao seu paso por Sigrás, invadida pola maleza, o que impedía apreciar tanto o seu estado real como a súa singular beleza. Aceptado o dito rogo polo concelleiro de Patrimonio e tralo que parece

ter sido unha discreta roza, o certo e verdade é que os veciños nos presentan as súas queixas polo estado que segue mantendo a ponte, tal e como reflicten as fotografías que se achegan, nunha de cuxas caras nin se aprecia a existencia da propia ponte, engulida pola maleza.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira novamente que se adopten as medidas oportunas para a adecuada limpeza e conservación da ponte romana de Sigrás, así como o seu ámbito, como parte do Camiño Inglés a Santiago, ao seu paso polo noso municipio.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, explica a colaboración establecida entre os Concellos de Cambre e Culleredo, e di que Culleredo vai facer unha nova roza. Non obstante, para facer unha intervención en profundidade sen poñer en perigo o patrimonio será necesario un proxecto de toda a contorna.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:26:46

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Ante a negativa do Goberno de Cambre a dar as explicacións requiridas pola oposición ata en tres ocasións respecto das medidas de prevención e extinción dos incendios forestais, o Grupo Municipal Popular solicitou o pasado pleno ordinario do mes de xuño, que polo señor alcalde de Cambre se adoptaran as medidas necesarias para o máis adecuado cumprimento das obrigas esixidas pola normativa invocada para previr e, no seu caso extinguir, os incendios forestais no noso municipio.

Fronte a tal petición, a señora concelleira de Seguridade Cidadá rexeitou o rogo presentado polo Grupo Municipal Popular sobre a base de que o Concello de Cambre non se ía adherir aos convenios ofrecidos pola Xunta de Galicia ao respecto xa que *“non nos compensa economicamente”*. Convenios cos que o Goberno galego subvencionaba a adquisición de camiións motobomba, a realización de rozas de maleza para a limpeza dos terreos que rodean núcleos habitados, así como a contratación de brigadas.

A esta nova perda de subvencións á que xa nos ten acostumados este goberno municipal, súmase nesta ocasión a do risco que supón que o noso concello non conte cos medios adecuados para loitar contra os incendios, se se repetiran as circunstancias que confluíron no mes de outubro de 2017.

Ante tan desafortunada intervención plenaria, na que a señora concelleira de Seguridade Cidadá antepuxo a conveniencia económica á seguridade de todos, este Grupo Municipal Popular volveu interesarse polo tema nas comisións informativas celebradas o pasado xoves 19 de xullo, a través de dous rogos e unha pregunta, cuxa contestación non fixo máis que botar leña ao lume da indefinición e incongruencia.

Á vista das obrigas que debe cumprir o noso concello en materia de prevención e extinción de incendios forestais conforme ao disposto, entre outras, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; a Lei 3/2017, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras; e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e ante a voluntaria e reiterada perda de subvencións levada a cabo polo noso Goberno municipal, dende o Grupo Municipal Popular reitérase ao Goberno de Cambre que adopte as medidas necesarias para o máis adecuado cumprimento das obrigas esixidas pola normativa invocada, coa finalidade de previr e, no seu caso extinguir, os incendios forestais no noso municipio, entre elas, a subscripción daqueles convenios que ofrezan axudas ou subvencións provenientes doutras administracións públicas para tal prevención e extinción.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que o Concello de Cambre actuará cos medios persoais e materiais cos que conta. Non se adherirán ao convenio da Xunta mentres non cambien as súas condicións.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/402 o día 20 de xullo de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:39:42

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Queda menos dun ano para as próximas eleccións municipais e esta Corporación atópase preto de rematar o seu mandato. As tarefas dos órganos representativos da vontade dos veciños e veciñas deben formularse de xeito continuado, e o certo é que antes da convocatoria das eleccións parecería lóxica a celebración dun debate público que significara unha rendición de contas do traballo realizado durante a presente lexislatura, tanto polos grupos políticos que asumiron a responsabilidade de gobernar como polos restantes grupos integrantes da Corporación no seu papel de control e fiscalización.

Este podería ser un xeito de contribuír a fomentar a participación dos/as veciños/as na vida do concello e dar dignidade e credibilidade á actuación dos representantes públicos.

Ao mesmo tempo, un debate deste tipo podería permitir que quedaran formulados os problemas máis importantes aos que debe enfrontarse a nova Corporación que vai xurdir das vindeiras eleccións e os distintos problemas existentes para a súa solución.

Por isto, o noso grupo prega á Alcaldía que, antes da convocatoria das próximas eleccións municipais, e nunca despois do comezo da campaña electoral, se celebre un pleno municipal extraordinario dedicado única e especificamente a realizar un debate en torno ao traballo desenvolvido polo Goberno municipal e os restantes grupos políticos ao longo dos últimos catro anos.

Así mesmo (e sempre no caso que sexa aceptado o rogo formulado) o noso grupo interesa que se difunda de xeito amplo entre os veciños e os medios de comunicación a información sobre a celebración e finalidade do pleno extraordinario.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, acepta o rogo.

2º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:41:56

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Para ACdC a rede de camiños municipal do concello constitúe un elemento indispensable para a comunicación entre distintos lugares, existindo en Cambre algúns viarios que polas súas características e falta de atención provocan situacións que impiden a circulación das persoas, motivado na invasión da maleza.

O caso que nos ocupa é o camiño público que transcorre dende a rúa Castellana (anteriormente Freande) ata a rúa Pumar Méndez.

Hai exactamente un ano expuxemos esta situación na que pregábase que dende o equipo de goberno acondicionaran o camiño, así como que tiveran en consideración a posibilidade de dotalo de puntos de luz, por carecer deste servizo.

No pleno de xullo de 2017, a ausencia da concelleira responsable motivou que esta nos contestara por escrito no seguinte teor literal:

“Recollemos o rogo. O dito camiño a día de hoxe xa foi rozado, e en canto a dotalo de puntos de luz os técnicos do concello están a facer unha valoración. De todos os xeitos, en caso de ser favorable, teríase en conta para futuros proxectos.”

Actualmente o camiño atópase exactamente na mesma situación de hai un ano, a pesar de ter aceptado o rogo e comprometido o seu acondicionamento. Respecto dos puntos de luz, e pasado un ano, entendemos que a valoración estará xa feita.

Non temos ningún tipo de información sobre a limpeza do camiño, nin do resultado da valoración, nin de se está incorporada a dotación de puntos de luz, tal e como se comprometeron hai un ano aceptando o rogo.

Pregamos polo tanto, que leven a cabo as actuacións necesarias para cumprir co seu compromiso derivado da aceptación do rogo. As ditas actuacións serán as encamiñadas á limpeza do camiño e á dotación dos puntos de luz se é favorable a valoración, así como a incorporación a “futuros proxectos”.

O señor alcalde indica que este rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos, dona Elisa Pestonit Barreiros.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:43:42

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

O pasado mes de abril saíu publicado o segundo número do boletín de información municipal de Cambre.

Con independencia do que este grupo municipal considera como excesivo ton propagandístico do labor do Goberno e da mera testemuñal referencia á que desempeñan os restantes grupos, coidamos interesante para os efectos informativos e de transparencia o esclarecemento de determinadas cuestións.

As ditas cuestións non serían de tanta importancia se o contido do xornal recollera a pluralidade das iniciativas do conxunto da corporación. O feito de que sexa utilizado para resaltar as bonanzas na xestión dos partidos que forman o equipo de goberno converte a este medio de información nun medio de propaganda. Neste caso o emprego de diñeiro público non ten como obxecto o beneficio da veciñanza, senón a publicidade e a promoción de UxC, PSOE e BNG. Entendemos, así mesmo, que neste caso, deberían ser estes tres partidos os que financiaran a súa propaganda.

O feito de que sexa o diñeiro de todas as veciñas e veciños o que se utiliza para promover a determinados partidos políticos, e non a outros, require de cuestións a responder.

Acostumados estamos a que nos textos dos rogos non se nos responda ás preguntas que facemos, motivo polo que as exporemos sen agardar a que as respondan, pero confiando en que o fagan:

- Cal foi a tiraxe deste segundo exemplar?
- A canto ascendeu o custo total, incluído edición, distribución e outros posibles gastos?
- Existe algunha colaboración para a súa confección de persoas non vinculadas ao concello? No caso afirmativo, quen son esas persoas?
- Que criterios se seguen para seleccionar as informacións?

Con base no anteriormente exposto o grupo municipal de ACdC pregamos:

Que o equipo de goberno financie con medios propios calquera publicación que non recolla a todos os grupos políticos con representación no Concello, ou, no caso de querer utilizar diñeiro de todas e todos os cambreses, repartan, con criterios de proporcionalidade, o espazo do xornal entre todos os grupos con representación nesta corporación municipal.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, non acepta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/401 o día 20 de xullo de 2018.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:53:13

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Os veciños de Andeiro pasaron as súas festas do 14, 15 e 16 de xullo vendo os contedores rebordando lixo por dentro e por fóra, a pesar de ter solicitado que se reforzara o servizo en varias ocasións.

Ademais, como en anos anteriores non conseguiron que o concello levara a cabo a roza a tempo, este ano o fixeron eles cos seus propios medios. Ao que si se comprometeu o concello foi á recollida e limpeza do campo da festa. O venres día 20, data tope para a presentación deste rogo, aínda non se levara a cabo a recollida por parte do concello.

Ante as queixas dos veciños recollidas por Ciudadanos Cambre, rogamos:

Que se solicite ao Consorcio un reforzo do servizo en datas especiais, maior axilidade na recollida do campo da festa e a roza pendente no camiño de atrás, se é que, á data da lectura deste rogo aínda non se tivera realizado.

O señor alcalde indica que este rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos, dona Elisa Pestonit Barreiros.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:55:31

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Na estrada de Altamira a Anceis, en dirección á fonte de San Antonio, atópase unha curva onde se solicitou a este concello en reiteradas ocasións a colocación dun espello cóncavo no lado esquerdo. Tanto dende membros da Asociación de veciños de Altamira, como doutras persoas, non entenden a tardanza en dotar a esta curva do dito espello. Achegamos fotografía da curva e rogamos que o concello atenda esta petición á maior brevidade posible.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta que o que se vai poñer é un sinal de redución de velocidade.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 01:57:54

Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 20 de xullo de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/1782 o día 23 de xullo de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:58:11

Lee a pregunta dona Rocío Vila Díaz.

Son numerosas as queixas recibidas dos nosos veciños sobre o estado das beirarrúas no noso municipio. En particular son especialmente salientables as queixas transmitidas por veciños de Sigrás, nas que o mantemento e limpeza das beirarrúas existentes na dita parroquia engadida a súa estreiteza, fainas especialmente perigosas nalgúns treitos, sobre todo naqueles lugares que bordean vías de alto tránsito rodado, nos que a maleza invade o espazo que deben sortear os transeúntes, obrigando a veces a baixar á beiravía para poder pasar, tal e como amosan as fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao Goberno municipal se está previsto incrementar os labores de limpeza das nosas beirarrúas nestes meses de maior tránsito peonil, sobre todo en lugares como Sigrás onde, como vemos, transitar polas beirarrúas se ten convertido en “deporte de alto risco”.

O señor alcalde indica que esta pregunta será contestada por escrito pola concelleira delegada da Área de Servizos, dona Elisa Pestonit Barreiros

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:59:02

Lee a pregunta don Manuel Rivas Caridad.

Nos últimos días fomos coñecedores da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio por unha parte e o Concello de Cambre por outra, en virtude do cal o organismo autónomo Augas de Galicia subvenciona con 40.000 euros traballos de conservación e mantemento do río Mero, ao seu paso polo municipio de Cambre.

Grazas a este convenio axudárase a conseguir un mellor estado ecolóxico e unha mellor xestión dos recursos naturais, salvagardando a calidade das masas de auga e dos ecosistemas mediante actuacións como a roza, a tala e retirada de exemplares en mal estado, así como a reparación do firme ordinario en camiños e terras lindeiras.

A sinatura deste convenio que, como vemos, subvenciona traballos que redundan no beneficio do noso concello con fondos propios da Xunta de Galicia, contrasta coa negativa a adherirse a outros dos que tamén podía beneficiarse Cambre, como así o fixeron a práctica totalidade de concellos de Galicia, como os previstos para previr, loitar e, no seu caso, extinguir os incendios forestais.

Ante esta incoherencia na xestións do noso Goberno municipal e a perda que están sufrindo as nosas arcas municipais pola actitude caprichosa dos seus concelleiros, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre cal é o criterio que segue o seu goberno á hora de asinar convenios ou atraer fondos públicos doutras administracións ao noso concello.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:00:53

Lee a pregunta dona Marta Mª Vázquez Golpe.

Os pasados días 13, 14 e 15 de xullo celebrouse en Cambre o evento Galaicoi. Transcorridos xa uns días dende a súa realización, a impresión xeneralizada que nos foi transmitida polos nosos veciños, é a de que este ano foron bastantes menos os postos asistentes a este evento, así como a ausencia de postos do noso propio municipio.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Cultura sobre os extremos máis arriba manifestados.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/402 o día 20 de xullo de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:02:28

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Poden informarnos sobre a tramitación da moción presentada polo noso grupo en relación coa aplicación dun gravame ás empresas eléctricas e de gas pola utilización do dominio público?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:03:12

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

A competencia municipal en materia de vías públicas acada tanto as urbanas como as rurais, o concello ten a obriga de mantelas en bo estado de conservación.

Pode informarnos a responsable da área se o camiño que discorre entre o lugar de Galgán e a fonte de Amil, figura no inventario de bens elaborado para tal fin?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 02:03:52

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Diversas entidades públicas e privadas de Galicia, entre elas diversos concellos, teñen amosado a súa solidariedade cos problemas que sofren as persoas que viven nas zonas de guerra en Siria, ben dando acollida temporal a grupos de familias ou ben remitindo axuda material para a poboación civil das áreas de conflito. Realizou ou ten previsto realizar o Concello de Cambre algunha actuación en relación con este problema?



Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia